

O que se quere

Grace Paley

Tradución ao galego: E. E. Río

Atopei ao meu ex-home na rúa. Eu estaba sentada nos chanzos da nova biblioteca.

- Ola, meu rei- dixen. Estivéramos casados vinteseite anos, sentíame xustificada.

Dixo: "Rei? Rei de que? De min non".

Dixen: "Como queiras, ho". Non adoito discutir cando hai discrepancia de verdade. Subín e entrei na biblioteca, a ver cánto lles debía.

A bibliotecaria dixo: "32 dólares. É que leva dezaioito anos con eles". Non neguei nada. Porque é que non entendo como pasa o tempo. Tivera eses libros. Pensara neles a miúdo. A biblioteca está só a dous bloques.

O meu ex seguíume até o mostrador de Devolución de Libros. Interrompeu á bibliotecaria, que aínda tiña máis que dicir.

-En certo sentido, cando miro atrás achácolle a disolución do noso matrimonio ao feito de que nunca convidaras aos Bertrams a cear.

-Pode ser- dixen- Pero imos ver, ho, se lembras ben: primeiro, o meu pai estivera enfermo ese venres, logo naceron os nenos, logo eu tiña aquelas reunións os martes á noitiña, logo veu a guerra. E logo xa parecía que nin nos coñeciamos de nada. Pero levas razón. Debería telos convidado a cear.

Deille á bibliotecaria un cheque por 32\$. Decontado ela confiou en min, deixou o meu pasado tras dela, limpou a lembranza, que é moito máis do que outros funcionarios municipais e/ou estatais farán xamais.

Volvín botar un ollo aos dous libros de Edith Warton que acababa de devolver porque xa os lera había tanto e agora viñan máis a conto que daquela. Eran *A Casa do Mirto* e *Os nenos*, que trata do que cambiou a vida na Nova York de hai cincuenta anos por espazo de vinteseite anos.

- Se hai unha cousa boa que lembro é o almorzo – dixo o meu ex. Quedei pampa. Se o único que faciamos era tomar café. Logo lembrei que na parte de atrás da lacena da cociña había un furado polo que se dexergaba o piso contiguo. Alí sempre había bacon afumado e curado.

- Iso foi cando eramos pobres- dixen.

- E cando fomos ricos, logo? – preguntou.

- Ah, pois logo co tempo, a medida que medraban as nosas responsabilidades xa non andabamos tan necesitados. Seguiches bos consellos financeiros – recordeille-. Os nenos asistían a campamentos catro semanas ao ano e con ponchos decentes e sacos de durmir e botas, coma os demais. Ían moi guapos. A nosa casa estaba quente en inverno, tiñamos uns coxíns vermellos preciosos e cousiñas.

-Eu quería un veleiro -dixo-. Pero ti nada querías.

- Non te amargues- dixen-. Nunca é tarde.

-Non- dixo cunha amargura moi sentida-. Podo mercar un veleiro. De feito, teño cartos abondo para unha goleta. Este ano estame indo ben e coido que me vai ir mellor. Pero para ti é tarde. Nunca vas querer nada.

El adquirira o hábito, ao longo de vinteseite anos, de facer finos comentarios que, como o cable desatascador dos fontaneiros, se abrían paso dende a orella, íanme pola gorxa abaixo e chegaban ao corazón. El despois desaparecía, deixándome coa sensación de acoro de todo iso. O que quero dicir é que sentei de novo nos chanzos da biblioteca e el marchou.

Follei *A Casa de Mirto*, pero xa sen gana ningunha. Sentíame completamente acusada. A ver, é certo, son curta de aspiracións e de necesidades absolutas. Porén, *algo* si que quero.

Quero, por exemplo, ser unha persoa diferente. Quero ser a muller que devolve eses libros no prazo de dúas semanas. Quero ser a cidadá eficiente que cambia o sistema educativo e se dirixe ao Comité Orzamentario cos problemas deste querido centro urbano.

Prometéralle os meus fillos que eu ía acabar coa guerra antes de eles medraren.

Quería ter casado para sempre cunha soa persoa, o meu ex ou o meu home actual. Calquera dos dous ten carácter abondo para toda unha

vida o cal, ben mirado, tanto tempo non é. Nunha vida curta non habías ser quen de agotar as cualidades de cada home ou caer baixo a rocha dos seus razoamentos.

Xusto esta mañá mirei pola fiestra para observar a rúa un pedazo e decateime de que os pequenos sicomoros que o concello plantara con candor un par de anos antes de nacer os nenos, acadaran a plenitude da vida.

Vaites! Decidín devolver os libros eses á biblioteca. O cal proba que cando unha persoa ou acontecemento me conmoven ou valoran na súa xusta medida, son quen de obrar con xeito, malia que se me coñeza sobre todo polos meus amables comentarios.